



DÍA DA LIBERDADE DE PRENSA

SEMANA DA PRENSA NA ESCOLA

DO 8 AO 12 DE MARZO

DÍA DA LIBERDADE DE PRENSA

3 DE MAIO



"Xa apareceu unha muller que as represente, con pluma e saia, cos libros e coa bata, preséntase unha Pensadora que tan contenta se atopa no tocador como no escritorio, igualmente se pon unha cinta como lle bota unha ollada a un libro..."*

Beatriz Cienfuegos. Primeira xornalista española S. XVIII





DÍA DA LIBERDADE DE PRENSA



"PRÓLOGO Y RAZÓN DE LA OBRA" (1763) A *LA PENSADORA GADITANA*,
POR BEATRIZ CIENFUEGOS

Hoy quiero, deponiendo el encogimiento propio de mi sexo, dar leyes, corregir abusos, reprehender ridiculeces y pensar como Vms. piensan. Pues aunque atropelle nuestra antigua tradición, que es siempre ser hipócritas de pensamientos, los he de echar a volar, para que vea el mundo a una mujer que piensa con reflexión, corrige con prudencia, amonesta con madurez y crítica con chiste.

Según la más común opinión masculina, parecerán paradojas mis intentos, viendo que una mano, a quien la naturaleza destinó para gobernar la aguja, manejar la rueca y empuñar la escoba, se atreve, sin permiso de las Universidades, de los Colegios y las Academias, a tomar la pluma, ojear los libros y citar autores [...] Nos conceden los hombres a las mujeres (y en opinión de muchos como de gracia) las mismas facultades en el alma para igualarlos y aun excederlos en el valor, en el entendimiento y en la prudencia. Y no obstante esta concesión, siempre nos tratan de ignorantes, nunca escuchan con gusto nuestros discursos, pocas veces nos comunican cosas serias, las más alejan de nosotros toda conversación erudita y sólo nos hablan en aquellos intereses que, por ser indispensables, se ven en la precisión de tratarlos con nosotras. Y con todas estas experiencias, muy llenas de vanidad, nos gloriamos de nuestra suerte, celebramos sus cortejos (el Pensador sea sordo) y aplaudimos sus rendimientos, cuando todo esto son hazañas con que procuran nuestro engaño, solicitando sus ideas a costa de nuestros pesares y muchas veces de nuestro honor [...]

Mi intento no es contradecir al *Pensador* de Madrid; antes bien, alabo su idea, celebro su intención y envidio sus ocurrencias. Sólo pretendo desquitarme hallando iguales defectos que corregir en los hombres [...]

Mi inclinación es la libertad de una vida sin la sujeción penosa del matrimonio ni la esclavitud vitalicia de un encierro.

(Beatriz Cienfuegos:37-41)

- Beatriz Cienfuegos fala do "encogimiento propio de mi sexo". Que entendes por isto?
- Que significa ser *hipócrita de pensamento*?
- Como transmitirías coas túas propias palabras este pequeno fragmento escrito por Beatriz Cienfuegos: "nos conceden los hombres a las mujeres (y en opinión de muchos como de gracia) las mismas facultades para igualarlos y aun excederlos en el valor, en el entendimiento y en la prudencia".

Considérase a Beatriz Cienfuegos a primeira muller xornalista española desde que publicase entre 1763 e 1764 *La Pensadora gaditana*, xornal semanal crítico sobre os costumes masculinos e femininos e outros temas de interese na época. En total publicáronse 52 *Pensamientos*, cos que a autora se apuntaba ao **costumismo social** iniciado co xornal inglés *The Spectator*, do que eran frecuentes as traducións difundidas por Europa. Tratábase dun xornalismo reflexivo, máis literario que noticioso e sometido a unhas precarias vías de comunicación polo que a inmediatez non contaba como factor de importancia. A un século escaso do inicio do xornalismo coas gacetas, a burguesía ilustrada do XVIII contou cos avances técnicos e os medios económicos suficientes para satisfacer a un público con desexos de ler os seus propios ideais culturais e políticos. Mentres tanto, o pobo, maioritariamente analfabeto, só tiña acceso a almanaques e prognósticos. Por veces dubidouse da identidade que se agocha tras a sinatura de Beatriz Cienfuegos, mesmo da súa condición de muller. Tanto en Inglaterra como en Francia hai constancia dunha prensa escrita por mulleres que se dedicaba á crítica social, polo tanto non tería que resultar estraño que fose realmente unha muller, como asegura a última revisión sobre o tema. Cinta Canterla, da Universidade de Cádiz, estudou amplamente esta cuestión e publicou unha edición antolóxica do xornal na que fai ver que a lexislación da época prohibía publicar libros ou papeis con nome falso e a publicación contaba con licenza de impresión. Beatriz Cienfuegos foi sen dúbida unha muller peculiar, independente e culta, que soubo aproveitar a reorganización de Carlos III sobre taxacións, prezos de publicacións e inquisición para favorecer o mundo editorial. Despois, a pantasma da Revolución Francesa traería co seu sucesor, Carlos IV, as máis estritas prohibicións.

http://lapistoladelarra.blogspot.com/2006/06/la-primer-mujer-periodista-beatriz_09.html



Vídeo: Apoioando a liberdade de prensa

<http://www.youtube.com/watch?v=MoQGuP-oAWY>



3 DE MAIO, Día da liberdade de prensa

No 1993 a Asemblea Xeral das Nacións Unidas aprobou a iniciativa dos países membros da Unesco de proclamar o 3 de maio como Día Mundial da Liberdade de Prensa, coa idea de “fomentar a liberdade de prensa no mundo ao recoñecer que unha prensa libre, pluralista e independente é un compoñente esencial de toda sociedade democrática”.

Cada ano a Unesco conmemora esta data, rendendo tributo desta maneira ao colectivo de xornalistas que por decisión profesional poñen en perigo en todo o mundo as súas vidas no esforzo de informar ás súas sociedades e de promover o libre fluxo da información. A Unesco convoca cada 3 de maio a todos os países membros e ás súas sociedades a reflexionar sobre a liberdade de prensa e os diversos tópicos que atinxen aos temas do xornalismo, a información e a comunicación. Entre os asuntos que foron debatidos en anos anteriores atópanse: “Os medios de comunicación e os conflitos armados”, “Cobertura de guerra contra o terrorismo mundial”, “Os medios de difusión como impulsores do cambio”, “Medios de comunicación e bo goberno” e “Combatendo o racismo e promovendo a diversidade: o papel da prensa libre”.

Analiza con detalle e opina: Crimes de guerra

Cronoloxía dun asasinato

8 de abril de 2003. O cámara de Tele 5 José Couso é alcanzado polo disparo dun tanque norteamericano cando se encontraba no piso 15 do Hotel Palestino, de Bagdad.

27 de maio de 2003. A nai e tres irmáns de Couso, por un lado, e a viúva e fillos, por outro, querélanse contra os autores dos disparos. O xuíz Ruiz Polanco inicia as primeiras investigacións.

21 de abril de 2004. O maxistrado da Audiencia Nacional Santiago Pedraz solicita o auxilio xudicial internacional ao fiscal xeral de Estados Unidos para conseguir documentación sobre os feitos investigados.


6 de xuño de 2005. O xuíz pide a Estados Unidos poder tomar declaración en calidade de imputados aos tres militares implicados. Ningunha das peticións ten resposta.

19 de outubro de 2005. Santiago Pedraz ordena a detención internacional para os efectos de extradición dos tres militares estadounidenses responsables da morte de José Couso.

20 de outubro de 2005. O fiscal Pedro Rubira recorre a decisión de deter os militares americanos.

14 de febreiro de 2006. O Departamento de Xustiza de Estados Unidos comunica ao Ministerio de Xustiza que rexeita executar o auxilio xudicial solicitado por Santiago Pedraz na investigación do caso Couso.

10 de marzo de 2006. A Sección Segunda do Penal da Audiencia Nacional



arquiva o caso por entender que non se trata dun asasinato, senón dun acto “de guerra contra un inimigo aparente erroneamente identificado”. O tribunal considera que non ten xurisdición para investigar os feitos e revoga as ordes de detención dos tres militares norteamericanos.

25 de abril de 2006. A familia de Couso recorre o arquivo do caso ao Tribunal Supremo.

14 de decembro de 2006. O Supremo dá a razón á familia e ordena á Audiencia que reabra o caso.

27 de abril de 2007. O xuíz Pedraz procesa aos tres militares por delito contra a comunidade internacional (castigado con penas de 10 a 15 anos) e asasinato (de 15 a 20 anos)

13 de maio de 2008. A Audiencia revoga o procesamento dos militares norteamericanos.

21 de maio de 2009. O xuíz Pedraz reabre o proceso contra os soldados estadounidenses.

25 de xaneiro de 2011. As autoridades iraquís autorizan a viaxe do xuíz Pedraz a Iraq para investigar a morte de Couso.

13 de decembro de 2010. A familia de José Couso denuncia ante a Fiscalía o contido das filtracións de Wikileaks e pide que se investigue se altos cargos e persoal do Ministerio Público son responsables dalgún delito ao “conspirar” para interferir na independencia do Poder Xudicial.

5 de outubro de 2010. O xuíz Santiago Pedraz pide explicacións á oficina de Interpol en España para preguntarlle os motivos polos que se negou a pór en situación de busca e captura ao tres militares estadounidenses procesados pola morte de Couso.

Dulce Chacón: Escritora falecida prematuramente en 2004 aos 49 anos de idade, activista antiguerra e persoa que non dubidou en apoiar ao pobo iraquí a través da Plataforma de Mulleres Contra a Violencia de Xénero, escribiu antes da súa morte o seguinte poema inédito dedicado a José Couso:

*Ningún nos dixo
que a desolación levaría
o teu nome.*

Cara a onde ollar?

*En que recuncho poderemos
aleitar esta tristura
tan recente nacida?*

*Ningún nos dixo
que a dor nos vencería
no teu perfil.*

*Onde encontraremos
un lugar para o pranto*

*despois de ollar
a boca do canón que te ollou
e ti ollaches?*

Onde?

*Onde,
cando só nos queda
o oco que aniñou un disparo?*

*Ningún nos dixo
que co teu sorriso se contaría
a historia.*

*Tinta desolada
que reescribe Bagdad.*



Entrevista a Javier Couso “Wikileaks constata que se trató de entorpecer la acción de la justicia”

2 decembro 2010, La Voz de Galicia . (PDF DVD)



“Denuncian al juez Bermúdez ante el poder Judicial por actuar como “topo” de Estados Unidos”

3 decembro 2010, Faro de Vigo. (PDF DVD adxunto)



Vídeo: Javier Couso irmán do cámara asasinado

<http://www.youtube.com/watch?v=78AIS0dnt8Y>



- Despois de manexar toda a información que se ofrece cal é a túa opinión sobre a **liberdade de prensa** e o apoio que recibe do **dereito internacional**.



Asasinan en Moscova á periodista rusa Anna Politkóvskaya

07.10.2006

www.aporrea.org/internacionales/n84750.html

A xornalista rusa **Anna Politkóvskaya**, Premio Vázquez Montalbán de Periodismo Internacional no 2005 e **unha das informadoras máis críticas coa política do Kremlin**, foi **asasinada** no seu domicilio en Moscova. Os traballos de Politkóvskaya son coñecidos por denunciar os abusos dos dereitos humanos na política de Moscova en Chechenia. A xornalista rusa denunciou no 2004 un intento de envelenamento.

O corpo da xornalista con varios impactos de bala foi achado por unha veciña no ascensor dun edificio de vivendas no centro da capital. A policía encontrou unha pistola e catro cascos de bala no ascensor.

Envelenada no 2004

A xornalista rusa denunciou no 2004 un intento de envelenamento. Ocorreu precisamente durante o **asalto á escola de Beslán** por parte dun grupo terrorista separatista. Politkóvskaya viaxaba entón camiño da cidade de Osetia para participar nas negociacións entre as autoridades e os secuestradores dos menores. A xornalista sufriu un envelenamento ao tomar unha cunca de té durante o voo.

“Asasinato premeditado”

“Matárona no portal da súa propia casa”, asegurou Dmitri Muratov, redactor xefe de ‘Nóvaya Gazeta’, semanal para o que escribía a xornalista

asasinada. O Fiscal de Moscova, Yuri Siomin, anunciou a apertura dunha investigación pola vía penal por “asasinato premeditado”.

Considerada a xornalista máis crítica coa política do presidente ruso

Politkóvskaya, que naceu en Nova York no 1958, era considerada a xornalista máis crítica coa política do presidente ruso, Vladímir Putin, especialmente sobre temas relacionados con Chechenia e o Cáucaso Norte ruso. A xornalista confesara en varias ocasións recibir **ameazas de morte dos servizos secretos rusos**, o exército e outras axencias de seguridade do Estado as que criticara con dureza nos seus artigos.

“Golpe no corazón do xornalismo ruso”

“O seu asasinato é un golpe no mesmo corazón do xornalismo ruso. Non será posible compensar a súa perda, xa que non hai ninguén como Politkóvskaya nin a haberá nunca”, sinalou Igor Yakovenko, secretario xeral da Unión de Xornalistas de Rusia (UPR). Autora de varios libros, traducidos a varios idiomas, entre eles o español, comezou a traballar como xornalista no diario ‘Izvestia’ no 1982 e desde 1999 escribía para ‘Nóvaya Gazeta’, a publicación máis crítica co Kremlin. Anna Politkovskaya presentou en febreiro de 2005 en Madrid o seu libro *A Rusia de Putin*, e publicou outros dous libros en España, *Terror en Chechenia* e *Unha guerra sucia*, ambos os dous no 2003.

O Supremo ruso reabre o caso Politkovskaya

25/06/09

O Tribunal Supremo ruso ordenou volver xulgar aos tres homes que foron absoltos do asasinato de Anna Politkovskaya, unha xornalista famosa polas súas duras críticas ao Kremlin. Os imputados son dous irmáns do presunto autor material do crime -un cidadán checheno que está en paradiro descoñecido- e un funcionario do Ministerio do Interior.

O caso será reenviado ao tribunal para que sexan xulgados de novo por un xuíz e un xurado distinto aos que decidiron absolverlos o pasado mes de febreiro ao considerar que a fiscalía non demostrara a súa implicación nos feitos.

A xornalista Anna Politkovskaya era unha das poucas voces críticas co Kremlin durante a presidencia de Vladimir Putin. Foi asasinada a tiros en outubro de 2006 a escasos metros da súa casa mentres preparaba un artigo sobre as torturas en Chechenia. Tras a súa morte, converteuse nunha icona da loita pola liberdade de prensa en Rusia, onde case 300 xornalistas foron asasinados nos últimos 15 anos. A maioría dos crimes seguen impunes.

Copyright © 2009 euronews



DEBATE EN CLASE

- Sobre as dúbidas que expón **Eduardo Galeano**, xornalista e escritor uruguaio:
É xusta a xustiza? Quen son os xustos e quen os inxustos? Se a xustiza internacional de veras existe, por que non van presos os autores das máis feroces carnizarías? Será porque son eles quen teñen as chaves dos cárceres?

Alison Weir

Quen son...

Son a fundadora de **"If Americans Knew" -"Se os estadounidenses soubesen"**- unha organización que proporciona a información sobre temas de importancia que son esquecidos de xeito premeditado ou non denunciados nos medios dos E.E.U.U.; o noso foco de interese prioritario está en Israel-Palestina. Analizamos o seguimento dos medios sobre este problema, e diriximos un número importante de estudos estatísticos.

Expoñemos as conclusións dos nosos estudos en vídeos de difusión pública para que o público en xeral coñeza a extremadamente preocupante manipulación dos medios estadounidenses. Nos programas de noticias en horas de máxima audiencia o número de mortes de nenos e nenas israelís era manipulado, chegando a aumentalo ata mostrar 14 veces máis das mortes reais, pola contra o número de mortes de nenos e nenas palestinos víase considerablemente reducido.


alisonweir.org/welcome/



Vídeo: *Israel - Palestina, Medios de Desinformación*

<http://www.youtube.com/watch?v=e8GvAUEaGwk> [Parte 1]

<http://www.youtube.com/watch?v=0Qjsj9-qdk8> [Parte 2]



Comparativa de cifras de mortes de nenos e nenas israelís (cor azul), e palestinos (cor vermella).

**Para
saber
algo
máis...**



As incertezas da prensa escrita

O xornal de papel non está morto, pode incluso ter aínda longa vida, pero o futuro é sen dúbida dixital. [...] A crise da prensa escrita e as inquietantes incógnitas que se cernen sobre o futuro do xornalismo son cuestións que preocupa nas redaccións[...] Son necesarios cambios organizativos e tecnolóxicos para abrir oportunidades, pero estes implican certos riscos[...] Entre os tecnolóxicos destaca a busca de novas vías de distribución, [...] pero se hai algo que confire gravidade e incerteza á actual situación da prensa escrita é a coincidencia de polo menos tres crises que operan de forma simultánea: a **crise económica** xeral, que levou a unha caída sen precedentes dos ingresos por publicidade; unha **crise de modelo industrial e tecnolóxico**, que obriga a cuestionar non só os formatos do xornal, senón a organización do traballo xornalístico, e unha **crise de credibilidade** que afecta o xornalismo en xeral e que nos últimos anos deu lugar a intensos debates[...] A caída das vendas e dos ingresos por publicidade, a ruptura que representan a Internet e as novas tecnoloxías e a competencia de novos actores, como os agregadores de noticias (Google News e outros), están levando á prensa escrita “á beira do precipicio”. [...] Con todo, aínda que a crise económica amainase a curto prazo, a do modelo industrial, vinculada ao desafío dos cambios tecnolóxicos, está lonxe de resolverse. A extensión da cultura da gratuidade na Internet e os cambios na forma de percibir e acceder á información por parte das novas xeracións están conducindo a unha progresiva diminución das vendas en quiosco, a outra gran fonte de ingresos da prensa escrita, en todos os países industrializados. A migración de lectores cara ao formato dixital non está sendo acompañada pola correspondente migración da publicidade. De feito, as edicións dixitais non serían rendibles se tivesen

que producir por si mesmas os contidos que agora lles proporciona a edición impresa. De maneira que na práctica, o lector que vai cada día ao quiosco a mercar o diario está subvencionando aos lectores que acceden ao diario dixital de forma gratuíta. Canto tempo continuarán pagando, tendo en conta ademais que a versión dixital, á que se pode acceder sen custo algún, é xa máis completa e extensa que a impresa? A combinación destas crises está dando lugar a non poucos paradoxos. O primeiro é que, nunha sociedade acelerada e permanentemente preocupada por anticipar o futuro,[...] dispoñer de información fiable e de calidade é máis importante que nunca. E de feito circula unha gran cantidade de información. Pero mentres a necesidade de información medra, diminúe o número de cidadáns dispostos a pagar por ela. Grazas á Internet, os diarios teñen agora unha audiencia máis ampla e estendida que nunca, pero grandes dificultades para rendibilizar o seu traballo xornalístico. De feito, nestes momentos rendibilízanos máis as empresas tecnolóxicas que facilitan os novos soportes e accesos que as que producen os contidos, o cal non parece sostible. Os editores consideran un cambio de estratexia e os seus foros ferven con múltiples e diferentes propostas. [...] Algúns diarios importantes consideran a posibilidade de implantar de novo un sistema de subscricións para poder acceder aos contidos en liña, mentres outros exploran aplicar algún sistema de micropagamento. Pese ás incertezas, todos teñen claro que o futuro está no máximo desenvolvemento da edición dixital. [...] Os xornais máis innovadores iniciaron xa a transición cara a un novo modelo de produción que ha de convertelos en provedores de contidos en múltiples soportes (papel, ordenador, teléfono, libro electrónico, televisión, etcétera) e múltiples formas (impresa, en au-

dio, en vídeo).[...] O modelo de redacción multimedia esixe cambios importantes. O diario impreso dispón de certo tempo para verificar e contrastar as informacións. O xornal dixital incorpora a inmediatez da radio e a mentalidade da axencia de noticias. A diferenza do papel, no soporte dixital cabe todo o que se queira introducir. Dar a noticia o máis pronto posible convértese nun imperativo categórico, o cal pode afectar a calidade da información se non se establecen mecanismos de control de calidade áxil, pero tamén moi severos para contrarrestar o factor de inseguridade que a présa representa en periodismo[...] Iso requirirá non só reforzar os equipos humanos das novas redaccións, senón situar nos postos clave de decisión a profesionais de gran experiencia e amplos coñecementos. De xeito que os xornais que, a causa da crise económica, se decantaron por prescindir dos seus profesionais máis veteranos para reducir custos, tal vez os boten de menos axiña. O futuro do xornalismo esixe cambios, e os lectores teñen moito que dicir ao respecto [...].

Milagros Pérez Oliva
 Periodista feminista experta en política e saúde
 Defensora dos Lectores e Lectoras no diario *El País*
 Forma parte de ADPC (Associació de Dones Periodistes de Catalunya)



Vídeo: *Hoy*. Iñaki Gabilondo, despedida no peche de CNN

http://www.youtube.com/watch?v=hMLVHD7_UZA

Estes foron os últimos minutos do programa *HOY*, presentado por Iñaki Gabilondo e o último programa en directo da cadea CNN, que pechou as súas emisións o 31 de decembro de 2010, despois de máis de 11 anos en antena. Decisións empresariais do grupo PRISA fixeron que esta canle desaparecese deixando na rúa a máis de 100 traballadores e traballadoras.



Vídeo: *ATTAC*, de Arcadi Oliveres

http://www.attac.tv/altermedia/2011/01/1185?utm_source=feedburner&utm_medium=email&utm_campaign=Feed%3A+attactv+%28ATTAC.TV%29


(DVD Adxunto)



Unha mostra de prensa dixital gratuíta: 20 minutos.es

Sábado, 24/10/09. Actualizado hace 1 minuto

La compañera de Larsson pide a España que exporte la lucha contra la violencia machista



La ministra de Igualdad, Bibiana Aído, conversa con Eva Gabrielsson durante la entrega del premio en reconocimiento a la labor de Larsson. (Imagen: Paco Campos / EFE)

- La compañera del autor de Millenium ha recogido en su nombre un premio póstumo por su contribución a erradicar la violencia machista.
- Insta al Gobierno español a aprovechar la presidencia de la UE en 2010 para difundir las leyes, instrumentos y organismos para eliminarla.

Minuteca todo sobre: Violencia doméstica

20MINUTOS.ES / AGENCIAS. 21.09.2009 - 23.02 h

Eva Gabrielsson, la compañera del escritor sueco Stieg Larsson, autor de la trilogía Millenium, ha animado a España a que utilice la Presidencia española de la UE para “**exportar a Europa**” las leyes, instrumentos y organismos de lucha contra la violencia machista.

España está muy avanzada en la lucha contra la violencia machista Esta historiadora especializada en arquitectura ha recogido este lunes en nombre de Larsson el **V Premio de reconocimiento** a la labor más destacada en la erradicación de la Violencia de Género que otorga el Observatorio contra la Violencia Doméstica y de Género del Consejo General del Poder Judicial.

“Estoy **muy sorprendida**, en España están muy avanzados en esta lucha y creo que podría ser su gran contribución a Europa, ayudar a avanzar para acabar con la violencia contra las mujeres”, ha afirmado Eva Gabrielsson. “Este es el **primer premio** que recibe Stieg Larsson por una causa muy cercana a su corazón”, la situación de las mujeres en las **sociedades patriarcales** y los derechos de las mujeres, ha explicado.

Gabrielsson también se ha preguntado qué sucedería si la “**violencia sistemática**” que se ejerce en todo el mundo contra las mujeres “fuera dirigida en proporciones similares contra sindicalistas, judíos o personas discapacitadas”.

Ante la violencia machista, el silencio nos hace cómplices, y Larsson ha roto ese silencio. Tras **agradecer** el premio, la compañera de Larsson se ha mostrado convencida de que “nada le gustaría más a él que saber que el sentido interno de Millenium ha sido visto, escuchado y comprendido”, ha dicho en referencia a la trilogía de libros publicados póstumamente y que están **arrasando** en el mercado.

En la entrega del premio, el ministro de Justicia, Francisco Caamaño, ha advertido sobre la **responsabilidad** de todos los cargos públicos en esta lucha ya ha señalado que “si no ayudamos todos a destejer esta trama que se cierne sobre los más débiles, acabaremos todos atrapados”.

También la ministra de Igualdad, Bibiana Aído, ha hecho hincapié en que, “ante la **violencia machista**, el silencio nos hace cómplices, y Stieg Larsson ha roto ese silencio” y que “los hombres que maltratan deben saber que no tienen enfrente a un ser indefenso, sino a toda la sociedad”.

CUESTIÓNS

- Cantas hiperligazóns ten a nova “La compañera de Larsson pide a España que exporte la lucha contra la violencia machista”?
- Con que organismos, persoas ou obras se vincula?
- Se segues un dos vínculos atoparás á persoa da imaxe: de quen se trata?, cal é o seu cometido?, como podería resumirse a súa forma de sentir e pensar?
- Estás de acordo en que España está avanzada no que se refire á loita contra a violencia machista?



Lisbeth Salander. Millennium 1

Sabías que...

A prensa dixital non é un periódico acabado, senón que os lectores e as lectoras participan do desenvolvemento da súa propia información, actualizándoa a través de diferentes aplicacións en diferentes formatos. Os novos medios son desenvolvementos informativos onde a hiperligazón, a estrutura en rede da información e o seu carácter aberto permiten desenvolver os contidos como un **proceso interactivo co público**.

A **prensa dixital** que aposta na súa meirande parte pola innovación e a orixinalidade **tampouco escapa á crise**. Un exemplo pode ser o caso de **Soitu.es**. Naceu en 2007, foi premiado no 2008 e 2009 pola Online News Association (ONA), principal organización do mundo de medios na Internet, e viuse na necesidade de pechar as súas portas en outubro de 2009.

El periódico digital Soitu.es echa el cierre
 "Los proyectos necesitan paciencia para encontrar su sitio", se despide su director
 ELPAÍS.com - Madrid - 27/10/2009

"Habíamos creado nuevas herramientas para los nuevos escenarios del periodismo. Era fundamental para el proyecto, pero también suponía un camino más difícil y costoso. A largo plazo te da ventaja competitiva, pero en un momento de crisis te perjudica".

soitu.es

Un sitio de información independiente, útil y abierto

060705

1- QUÉ ES SOITU.ES Y PARA QUÉ SE UTILIZA
 Indicado para personas con inquietudes que buscan contenidos en los que se conjuga el rigor del periodismo tradicional con la filosofía de internet. Para quienes prefieren el vaso medio lleno pero encaran la realidad de frente.
 Independiente, útil y abierto de par en par a ideas nuevas. Con capacidad para acoger a todo aquel que tenga algo interesante que descubrir a los demás. Usarlo proporciona una sensación de comodidad y confianza en que existen otras opciones de información. Compatible con webs de cualquier tipo.

2- PRINCIPIOS ACTIVOS
 La siguiente solución la agita cada usuario a su gusto.
 Información rigurosa..... 100mg
 Entretenimiento..... 100mg
 Independencia..... 100mg
 Participación..... 100mg
 Tecnología..... 100mg
 Elaborada por:
 ■ periodistas
 ■ profesionales de distintas ramas del conocimiento
 ■ lectores con un criterio interesante y distinto

3-DOSIFICACIÓN
 soitu.es se puede administrar tantas veces como se quiera. Su uso continuado aumenta el criterio y demuestra que la realidad se construye en equipo y en libertad, con la necesaria intervención de los lectores. Y además es gratis.

4-CÓMO USAR SOITU.ES
 La información se sucede en cascada: tal y como se va produciendo. La valoración de las noticias la realiza cada lector, porque tiene criterio como para decidir qué le interesa. soitu.es se sitúa en medio de la red, no emite desde un 'pulpito', sino que se deja atravesar por otros medios. Y también es un altavoz para difundir los temas de interés que se encuentran en cualquier sitio.
 El intercambio de ideas es una prioridad. Los lectores, con sus noticias, reacciones y opiniones, aumentan la oferta y amplían la mirada, elevando el nivel de transparencia.
 La información se archiva por medio de etiquetas o tags, proporcionando mejores vías para encontrar contenidos.

5-INTOXICACIÓN Y SU TRATAMIENTO
 En dosis elevadas, su especial formulación provoca la sensación de estar informado sin manipulaciones. La ingesta del preparado desata un deseo incontrolable de participar. Activa la mente y ejercita el criterio individual.

6-OBSERVACIÓN
 En soitu.es nos gusta la publicidad (low/publi). Sobre todo la que previene estados carenciales de imaginación y aporta un extra de vitaminas en dietas bajas en creatividad. Las ideas que animan a pensar en otras claves -inteligentes, divertidas, sensibles- siempre serán bienvenidas.

7-COMPOSICIÓN
 Periodistas, técnicos, diseñadores y otros profesionales componen el equipo de soitu.es. Cada uno aporta a la solución una visión particular que enriquece el resultado del preparado.

8-INTERACCIONES
 soitu.es interactúa con otras webs. Recomienda y también es recomendado. Gracias a todos los que nos prescriben (ver reseñas). En soitu.es siempre se receta, sin prejuicios, informaciones y sitios interesantes.

TEXTO REVISADO: Diciembre de 2007

Á parte de informarse das noticias...!

Deixando a un lado a vertente máis seria á hora de abordar o tema da prensa, onde están presentes como temas de reflexión a baixa calidade do publicado, a pobre redacción e presenza de erratas, din algúns que polas présas, a falta de ganas de investigar, a pouca seriedade para contrastar a información,... non estaría mal empregar o humor para ver que uso lle dan á prensa escrita aquelas persoas que non a len ou aquelas outras que lle buscan "mellor utilidade" despois de ler o que consideran "desinformación da información". Non se trata de tomar as cousas á lixeira senón de ver a "comicidade dos costumes".

USOS DOMÉSTICOS



Madurar aguacates.
 Recoller o lixo.
 Sacar brillo aos cristais.
 Nivelar as patas da mesa coxa.
 Protexer a vaixela na mudanza.
 Tapizar a gaiola do paxaro.
 Recoller os excrementos do can.
 Cubrir os mobles e os pisos antes de pintar, ou protexer o piso do garaxe por se o coche bota aceite.
 Matar moscas e demais insectos rasteiros.
 Prender chemineas.
 Nunha crise:como papel hixiénico.



USOS EDUCATIVOS



Castigar ao can no fociño cando fai as súas necesidade na casa.
 Recortar letras e fotos para as tarefas dos nenos e das nenas.
 Construír papaventos e globos.
 Elaborar monicreques.
 Facer barcos de papel.
 Forrar cadernos.



USOS FESTIVOS



Para prender o lume das churrascadas.
 Para disfrazarse no Entroido.
 Esconder ben os agasallos do amigo ou amiga invisíbel.
 Para papel picado no estadio.
 Facer rolos e grilandas.
 Aproveitar as capacidades illantes do papel para levar as bebidas frescas á praia ou á montaña.
 Imprescindible nunha mochila cando se sae a dar unha volta polo monte por dúas razóns: excepcional efecto secante se o metes dentro dunhas botas húmidas e sobre todo como paraventos, cunha folla de xornal debaixo dun chuvasqueiro abrigaste tanto como cun forro polar.



OUTROS USOS



Encher os bolsos para que conserven a súa forma.
 Ensanchar zapatos.
 Envolver cravos na ferraxaría, cadros nas marquetarías, flores nun posto da rúa...
 Facer un chapeu de pintor.
 Cortar patróns de costureiras e xastres.
 Como coxín no parque.
 Para facer patróns e estampar as camisetas do equipo do barrio.
 Para esconderse detrás del cando non queres que te vexan ou para agochar aos espías.
 Para subir o ego das persoas que se adican á política, ao deporte...






DÍA DA LIBERDADE DE PRENSA



Outras propostas de actividades




1



LECTURA:

A Xustiza cega



Obxectivos

- Coñecer a *técnica do cartel*: imaxes, ubicación e secuenciación das mesmas, texto que as acompaña...
- Saber pasar da linguaxe visual á linguaxe escrita e viceversa.
- Valorar a *rapidez comunicativa de ideas a través das artes gráficas*.
- Relacionar temáticas comúns expresadas a través de textos e de obras de expresión gráfica.
- Crear escritos nos que se recollan opinións propias a partir das achegas recollidas no material traballado.

Desenvolvemento

1. O cartel é un recurso pictórico que pode ser utilizado como instrumento de denuncia. O *cómic de Eneko* podería servir para traballar sobre o tema: *a inxustiza da xustiza*. O alumnado debería ser capaz de reinterpretar a mensaxe transmitida de xeito gráfico pasándoa a un pequeno texto. Á vez sería interesante que compararan a idea que se transmite da *xustiza* a través do debuxo de Eneko, e a que se defende no texto de **xuíces e xuízas pola democracia**. Mira a xustiza no caso de José Couso só para o lado da lei? Ou cortáronlle a cabeza para que simplemente non mire?

A Xustiza cega

Contra o que adoita dicirse, non é que a Xustiza sexa cega, senón que só pode ollar para o lado da lei. A Xustiza, tamén ao contrario do que se pensa, non se politiza polo feito de usala, senón pola puñeteira manía que nos entrou de quitarlle a venda para evitar que trate por igual a toda a cidadanía, a todos os partidos e ideoloxías, aos que teñen diñeiro ou poder e aos que non teñen nada de nada. Máis dunha vez vin como algúns comentaristas refírense á cegueira da Xustiza coma se tal cousa fose un defecto horrible, sen darse conta de que si se representa así, cunha venda nos ollos e unha balanza na man, non é para dicir que está decrepita e tristeira senón para deixar claro que todo o contrapesa coa lei e sen acepción de persoas.

Xuño 2009

www.juecesdemocracia.es/pdf/LaJusticiaciegaJun09.pdf

2. O alumnado podería completar este traballo investigando que é, que persegue e con quen colabora a **Asociación xuíces e xuízas pola democracia** [JpD].

No seu XVII Congreso dita asociación reflexionou sobre a función dos medios de comunicación, facendo entre outras a seguinte proposta:

XVII Congreso > Propuesta al Congreso de declaración sobre los medios Informativos

La libertad de expresión y de información comprende necesariamente la libertad de crítica de las resoluciones judiciales. Es más, la crítica de las resoluciones equivocadas o injustas y la información sobre cualquier irregularidad en que puedan incurrir los Tribunales son un deber profesional de los informadores. También ante la Justicia los intermediarios informativos pueden ser garantía final de conocimiento de esas situaciones por la opinión pública, tanto más libre cuanto mejor informada.

Despois de debatela en clase, o alumnado podería buscar noticias onde se atoparan críticas sobre resolucións xudiciais inxustas ou irregularidades en procesos xudiciais, co fin de identificar que tipo de fallos son máis habituais e por que. Para rematar a actividade os alumnos e as alumnas poderían achegar as súas propostas de solución ao problema da *inxustiza da xustiza*.

Temporalización

2 horas

Modalidade

Individual e Grupal

Áreas implicadas

Ciencias Sociais, Filosofía, Ética

Temporalización

Ámbito sociolingüístico (nos Programas de Diversificación Curricular):
A independencia do poder xudicial.

Debuxo: *Cartel e denuncia social.*

Informática: *Lectura crítica da prensa dixital: denuncia de fallos xudiciais.*

Competencias básicas

- Competencia en comunicación lingüística.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia social e cidadá.
- Competencia para aprender a aprender.
- Autonomía e iniciativa persoal.

2 Información para a igualdade da muller: AmecoPress

Obxectivos

- Fomentar a *igualdade dos sexos*.
- Aprender a empregar unha *linguaxe non sexista*.
- Coñecer como se aborda a *información xeral cunha perspectiva de xénero**.

Desenvolvemento

1. Introducir *novos códigos de linguaxe* supón modificar un sistema de valores, cargado dunha *visión androcéntrica* do mundo, no que estamos todos e todas inmersos. Para que o alumnado sexa consciente da dificultade que supón acurtar a distancia aínda existente entre homes e mulleres e eliminar os roles de xénero presentes na sociedade dualista na que vivimos, podería organizarse un debate en clase tomando como elemento base de discusión o seguinte material:

Na Lingua Castelá a Real Academia Española rexeita os desdobramentos do tipo deputado e deputada co seguinte argumento:

O uso xenérico do masculino gramatical ten que ver, simplemente, co principio básico da economía lingüística, que supón a materialización no ámbito comunicativo da tendencia xeral do ser humano a obter as súas fins co menor esforzo posible.

* Perspectiva de xénero: Ten en conta calquera aspecto na vida e nas relacións de HOMES e MULLERES que afecta á súa vida na sociedade e crea desigualdade en calquera das súas formas (desenvolvemento económico, social, político e cultural).

Soledad Ruíz, directora do Instituto Andaluz da Muller a este respecto, di:

*Cos mesmos argumentos da Academia sobre o uso do masculino xenérico, expoñemos que como a xeneralidade en España somos as mulleres, **deberíamos falar en feminino**.*

O sociólogo Jesús Ibañez expón unha fórmula para aclarar a desigualdade na linguaxe e explicar o que supón nomear a toda a humanidade empregando o masculino:

M= masculino F= feminino

*Se **M= M+F** → **F= 0***

*Se o masculino universal é igual á suma do masculino e do feminino, implica que o feminino é igual a cero. A linguaxe sexista actúa as máis das veces facendo **invisible** ás mulleres o que implica a súa desvalorización e consideración de inferior.*

2. O alumnado debe posicionarse fronte a cada unha das posturas argumentando a favor ou en contra. Unha vez clarificada e asumida a necesidade de emprego dunha *linguaxe inclusiva e non discriminatoria*, poderíase continuar reflexionando sobre o grao de igualdade que temos na sociedade actual. Para iso sería interesante ler o texto *Un mundo al revés*, e ver se os problemas aos que alude seguen tendo vixencia na actualidade. A medida que se vai lendo o texto, o alumnado podería ir enchendo de xeito individual o apartado do cadro que aparece a continuación

referido a “problemas”, para encher posteriormente os de solucións. Para recoller as solucións poderían traballar en grupo.

PROBLEMA DETECTADO	SOLUCIÓN ADOPTADA	SOLUCIÓN POR ADOPTAR
.../...	.../...	.../...

Un mundo ao revés

—Veño polo do anuncio, señora.

—Ben —di a xefa de persoal—. Séntese. Como se chama vostede?

—Bernardo...

—Señor ou señorito?

—Señor.

—Déame o seu nome completo.

—Bernardo Delgado, señor de Pérez.

—Debo dicirlle, señor de Pérez, que actualmente á nosa dirección non lle gusta empregar varóns casados. No departamento da señora Moreno, para o cal nós contratamos o persoal, hai varias persoas de baixa por paternidade. É lexítimo que as parellas novas queiran ter nenos —a nosa empresa anímalles a teren fillos xa que fabrica roupa de bebé— pero o absentismo dos futuros pais e dos pais novos constitúe un duro hándicap para a boa marcha do negocio.

—Comprendo, señora, pero xa temos dous nenos e non quero máis. Ademais —o señor de Pérez ruborizouse e fala en voz baixa— estou tomando a píldora.

—Ben, nese caso sigamos. Que estudos ten vostede?

—Teño o certificado escolar e o primeiro grao de formación profesional de administrativo. Teríame gustado rematar o bacharelato, pero na miña familia eramos catro e os meus pais deron prioridade ás mulleres, que é moi normal. Teño unha irmá coronela e outra mecánica.

—En que ten traballado vostede ultimamente?

—Basicamente teño feito substitucións xa que dese xeito podía ocuparme dos nenos namentres eran cativos.

—Que profesión desempeña a súa dona?

—É xefa de obras dunha empresa de construcións metálicas. Pero está estudando enxeñería, xa que no futuro terá que substituír a súa nai, que é a que creou o negocio.

—Volvendo a vostede. Cales son as súas pretensións?

—Pois...

—Evidentemente cun posto de traballo como o da súa dona e coas súas perspectivas de futuro, vostede desexará un soldo de complemento. Uns cartos para gastos persoais, como todo varón desexa ter para os seus caprichos, os seus traxes.... Ofrecémoslle 252 € para comezar, unha paga extra e unha prima de asiduidade. Fíxese neste punto, señor de Pérez, a asiduidade é absolutamente indispensable en todos os postos. Foi necesario que a nosa directora crease esta prima para animar ao persoal a non faltar por tonterías. Conseguiamos diminuír o absentismo masculino á metade, sen embargo hai señores que faltan co pretexto de que o neno tuse ou que hai folga na escola. Cantos anos teñen os seus fillos?

—A nena seis e o neno catro. Os dous van á escola e recóolloos pola tarde cando saio do traballo, antes de ir mercar.

—E se se poñen enfermos? Ten vostede algo previsto?

—O seu avó pode coidalos. Vive preto.

—Moi ben, grazas señor de Pérez. Xa lle comunicaremos a nosa resposta dentro duns días.

O señor de Pérez saíu da oficina cheo de esperanza. A xefa de persoal fíxose nel ao marcharse. Tiña as pernas curtas, as costas un pouco encovadas e apenas tiña pelo. “A señora Moreno detesta aos calvos” recordou a responsable da contratación. E ademais tíñalle dito: “Mais ben un alto, louro, con boa presenza e solteiro”. E a señora Moreno será a directora do grupo o ano vindeiro.

Bernardo Delgado, señor de Pérez, recibiu tres días máis tarde unha carta que encozaba dicindo: “Lamentamos...”

France de La garde en “LE MONDE”, 28-29 setembro 1975
(texto, recollido por Enriqueta García e Aguas Vivas Catalá).

3. O señor de Pérez, anulado pola súa muller, opta a un posto precario cun “soldo de complemento”. Na actualidade a *desigualdade laboral*, segue estando presente. Pero tamén existen outras desigualdades que acostuman a pasar desapercibidas porque a información non se aborda desde unha *perspectiva de xénero*. Neste sentido e relacionado co tema da *información*, do *xornalismo* e da *igualdade*, o alumnado podería consultar e analizar a páxina da *Asociación Española de Mulleres Profesionais dos Medios de Comunicación [AmecoPress]*. Antes sería conveniente ler e opinar sobre estas palabras pronunciadas pola súa presidenta, Cristina Fraga:

A presenza da muller nos medios de comunicación aínda é escasa nas súas dúas vertentes, como profesional da información e como obxecto protagonista da información. O tratamento e a imaxe que transmiten os medios sobre as mulleres non adoita reflectir a realidade social tan mudante e variable pola que transita. Certamente, unha das dificultades coas que nos atopamos as mulleres que traballamos nos movementos de mulleres é trasladar e que os medios se fagan eco de todo aquilo que fai referencia ás mulleres –as nosas loitas, campañas, obxectivos- sexan noticias, sucesos, actividades, reflexións, en definitiva, todo o que ten que ver co discurso feminista.



Lunes, 23 de noviembre de 2009.

AMECO

AMECOPRESS

DIRECTORIO

ARCHIVO

SUSCRIPCIONES

SECCIONES

PORTADA
UNIÓN EUROPEA
COMUNICACIÓN
INTERNACIONAL
ESTADO ESPAÑOL
AUTONOMÍAS
POLÍTICA
ECONOMÍA
CULTURA
SOCIEDAD
MEDIOS DE COMUNICACIÓN
DEPORTES
OPINIÓN
COMUNICADOS



Ameco Press es una nueva agencia de noticias con información exclusiva sobre la mujer que nace con la intención de fomentar la **igualdad entre sexos** facilitando el acceso de la mujer a la agenda y el debate públicos.

La *Asociación Española de Mujeres Profesionales de los Medios de Comunicación (Ameco)*, ha presentado en junio, su nueva agencia de información, **Amecopress**.

La información se aborda desde dos puntos de vista: el tratamiento de la información general con una **perspectiva de género** y un **lenguaje no sexista**.

La información de "AmecoPress" es **gratuita** para medios e instituciones y el único requisito para la reproducción de los contenidos de **AmecoPress** es respetar la *autoría* de la información citando la *fuentes* e informar del contenido publicado.

• Link: www.amecopress.net

Publicado o día xullo, 2007
www.entretodas.net/.../

TEMAS

TRATA
EMPRESARIAS
PEDERASTIA
POLÍTICAS DE IGUALDAD
HOMOSEXUALES
HOMOFOBIA
DEPENDENCIA
GÉNERO Y COOPERACION
INFANCIA
ESCRITORAS
COOPERACIÓN
VOCES DE MUJERES
SITUACIÓN SOCIAL DE LAS MUJERES
MUJERES DEL MUNDO
POLÍTICA Y GÉNERO

4. Despois de consultar a páxina, ver que seccións recolle e que temas aborda, o alumnado, guiado sempre polo profesorado podería investigar sobre todos ou algún dos seguintes apartados:

A noticia: O que ocorre na realidade é o que se publica? Como se fabrican as noticias? Hai unha reflexión da redacción, dirección e empresa editora na que se avalíen as consecuencias das palabras e das imaxes?

A axenda temática: Están exentas de parcialidade as noticias, crónicas, reportaxes, entrevistas, que se publican ou emiten? Acostúmanse a repetir escenarios e personaxes? Ignóranse certos temas? Postérganse sectores sociais?

As fontes informativas: De onde proceden as noticias? Perséguese a pluralidade e a veracidade nos canais que proporciona a información? A publicación de determinadas noticias pode responder a estratexias do goberno, institucións, empresas, asociacións... para condicionar o xeito de pensar do público?

A planilla (guión que se segue para elaborar un xornal): Existe un equilibrio entre os espazos reservados á información e á publicidade? Onde se sitúan os temas de *muller*: en sociedade, sucesos...? A inmediatez das noticias pode cambiar radicalmente a planilla dun diario?

A xerarquización do medios: Como se decide que noticias se inclúen e se exclúen? Que se prioriza e que se relativiza? Existen criterios ideolóxicos, políticos, oportunismo profesional... que condicionen a industria da comunicación? Que poder teñen as bases: redactores e redactoras, fotógrafos e fotógrafas...? Por que case sempre nos atopamos a homes como redactores xefes, produtores, subdirectores e directores? Podemos deducir que o éxito profesional ten trazas masculinas?

O poder dos medios de comunicación: Son os medios de comunicación o marco de referencia da vida política, económica e social? Os modelos de referencia que proxectan contribúen a manter a orde social establecida? Condicionan os *medios* o pensamento e o comportamento das persoas? Impoñen estilos de vida, modas, líderes...? Son submis-tradores da cultura patriarcal dominante? Difunden modelos de comportamento sexista? É necesario que apliquen a perspectiva de xénero?


A imaxe e os contidos de xénero que reflicten os medios: Por que normalmente o home ocupa o espazo público e a muller o doméstico? Que tipo de imaxe de muller se segue dando nos medios de comunicación? Cando se fala na prensa de mulleres que destacan nun campo profesional, é normal que se aluda primeiro a aspectos que nada teñen que ver co profesional? Acostúmase a vincular á muller protagonista da noticia cun status: filla de, nai de, irmá de, viúva de...? O discurso *feminista* acostuma a ter eco nos medios de comunicación? O feminismo é un termo cuestionado por unha gran parte da sociedade, por que?

O tratamento da violencia de xénero: A *violencia de xénero* é a información que máis se prodiga, como se pode evitar o sensacionalismo e a morbosidade no tratamento deste tipo de noticias? A prensa axudou a que violencia doméstica pasara do privado ao público e se considerase un problema social?

Necesidade: A prensa debe contemplar valores ata agora considera-dos como femininos? A sociedade melloraría se as mulleres participan máis na construción social? Notaríanse cambios na prensa se as mulle-res ocupasen postos de produción e/ou dirección?

Estratexias: É difícil o panorama que teñen por diante as mulleres para cambiar os medios de comunicación? A presenza dun número maior de mulleres no mundo da comunicación garante o emprego dunha perspectiva de xénero no tratamento das noticias? Que estratexias de-berían seguirse para que cheguen aos receptores e receptoras men-saxes con perspectiva de xénero sen ningunha interferencia?

4. Para finalizar o alumnado podería valorar algunhas das estratexias reco-llidas na *Guía de relación con los medios* elaborada por AmecoPress :



La crisis es peor para
l@s segund@s espos@s
Decenas de miles de personas forman hogares con hijastros y dificultades económicas derivadas del divorcio. Algunas voces piden un reconocimiento legal de esta nueva realidad familiar.

Exemplo da inclusión da perspectiva de xénero na linguaxe empregada na prensa

- Establecer contacto persoal.
- Coñecer o funcionamento interno das distintas redac-cións.
- Enviar notas de prensa claras, sen teorizar, para iso están os informes.
- Asegurarse de que a información chegou ao seu destino.
- É importante contactar sempre coa mesma persoa.

- Facer chegar a información aos medios tradicionais prensa, radio, e televisión, e ampliar a comunicación aos medios alternativos como aos espazos cibernautas: **Mujeres en Red**, de España, **Isis Internacional** y **CIMAC** para América Latina, **Las Penélopes** de Francia...
- Ter en conta as emisoras alternativas de radio, xa que son relevantes para a poboación analfabeta.

Que se aborden todos os apartados ou todas as cuestións dependerá do tempo que se poida dedicar ao tema e do grao de profundidade con o que se queiran abordar as actividades.

Temporalización

2 horas

Modalidade

Individual e grupal

Áreas implicadas

Ciencias sociais, filosofía, ética

Áreas que poderían estar implicadas e de que forma

Ámbito sociolingüístico (nos Programas de Diversificación Curricular):
Análise da perspectiva de xénero nos medios de comunicación.

Informática: *Creación dun blog e/ou páxina web sobre prensa e igualdade.*

Competencias básicas

- Competencia en comunicación lingüística.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia social e cidadá.
- Competencia para aprender a aprender.
- Autonomía e iniciativa persoal.

3 Medios alternativos de información: www.mediachannel.org



WORD:

Danny Schechter (English)



Obxectivos

- Entender o que é un medio alternativo de información.
- Comparar de xeito crítico, baseándose en datos obxectivos e observables, as regras de funcionamento dos medios de comunicación ordinarios e as dos medios alternativos.
- Valorar a independencia informativa.

Desenvolvemento

1. Para poder entender o concepto de *medios alternativos* o alumnado podería ler a versión orixinal do texto "*Medios alternativos para garantir a pluralidade informativa*", utilizada no Forum Barcelona celebrado no 2004 para introducir o debate: Información. Poder e ética no século XXI.

Medios alternativos para garantir la pluralidad informativa

Diálogo de referencia: **Información. Poder y ética en el siglo XXI**



La concentración de medios de comunicación y la falta de la pluralidad informativa que conlleva ha promovido el surgimiento de medios alternativos que han pasado a ocupar el espacio vacío que la sociedad reclama.

La imposición de una información única y hegemónica a través de la concentración de medios de comunicación privados o el uso político de los públicos ha generado un cambio en las vías tradiciona-

les de acceso a la información por parte de la sociedad. La falta de pluralidad informativa ha motivado la irrupción de un espacio de comunicación que ha roto los modelos tradicionales. Las nuevas tecnologías, de fácil acceso y bajo coste como Internet, favorecen el crecimiento de estos medios no tradicionales ya que permiten abrir el diálogo frente a los tradicionales de mensaje hegemónico. El ejemplo de las manifestaciones del 13 de marzo en España tras los atentados de Madrid, convocadas mediante los mensajes SMS

de los móviles como fuente de información creíble, ha marcado una nueva ruptura en los medios de comunicación. El espacio vacío que deja la información hegemónica también sirve a las cadenas televisivas, como sucedió con la cadena árabe Al Jazira en Oriente Medio, que se erigió en la otra voz de la guerra de Irak.

Problemática

Los aspectos más controvertidos del asunto son el control político y económico de los medios de comunicación, la falta de pluralidad informativa a pesar de la gran diversidad de medios, la manipulación de la información, así como la inexistencia de debate y la exclusión de las voces divergentes.

Propuesta

Se apuesta por promover y consolidar el acceso a los medios alternativos como los blogs de Internet, las radios locales o los periódicos pequeños o regionales, capaces de difundir una información libre de compromisos políticos y económicos. Asimismo, se insta a movilizar a la sociedad en la exigencia del derecho a la información libre e independiente y a utilizar las nuevas tecnologías para la difusión de una información alternativa al poder hegemónico.

Posturas

Tai Moses, subdirectora de Alternet afirmó que «los medios alternativos ganan audiencia. Hoy, estos medios están abriendo el debate y la gente los busca porque encuentra credibilidad en ellos». Daniel Gavela, director de la cadena SER, resaltó el poder de movilización

de los medios alternativos y en especial los SMS con la afirmación de que «los insurgentes siempre renuevan los instrumentos de combate». Dima Jatib, periodista de la cadena Al Jazira habló sobre el surgimiento de la cadena televisiva árabe y el espacio vacío que pasó a ocupar tras detectarse la falta de pluralidad informativa en el conflicto bélico de Irak. La periodista Magda Bandera resaltó la importancia de los medios alternativos y su credibilidad a partir de la confianza que se tiene en el emisor de la información.

Buenas prácticas

Se apunta a la utilización de correos electrónicos o mensajes de telefonía móvil (SMS) para transmitir información, como sucedió con la manifestación del 13 de marzo en España tras los atentados de Madrid. La gente se movilizó a través del envío de SMS hasta tal punto que se saturaron las líneas como suele ocurrir en las fiestas navideñas. Se destaca la importancia de los blogs alternativos o páginas web como **Mediachannel.org** (www.mediachannel.org), **Periodismociudadano** (www.periodismociudadano.com), **Vilaweb**, **diario independiente de Cataluña** (www.vilaweb.com), etc.

Conclusiones

Los medios alternativos se han convertido en la herramienta de la ciudadanía para acceder a una información que se ve sesgada por la acción de los grupos monopólicos y de los medios públicos, sobre todo en países como Estados Unidos o Italia. La proliferación y consolidación de estos medios entre los ciudadanos como fuente de información basada en la ética y la credibilidad es el compromiso que debemos afrontar.

2. Sería interesante, partindo da definición de *medio alternativo*, dividir a clase en grupos de investigación adxudicándolles diferentes campos de estudo: ecoloxía, política, dereitos sociais... Cada grupo deberá buscar información actual e de interese en medios dixitais independentes, organizando posteriormente un mural en clase que se podería dividir en campos como os que propoñía Soitu.es ou calquera outro que o alumnado do grupo e o profesor ou profesora consideren máis conveniente segundo o enfoque que lle estean dando ao traballo realizado na área




tratada.

3. Tamén se podería pedir a todos os alumnos e alumnas que buscasen en distintos medios unha mesma noticia, algunha con claro carácter político e polémica, e que logo o mural ou a posta en común se fixese sobre a mesma. Incluso tentar que despois da lectura de todas elas fose o mesmo alumnado o que redactase a nova. Isto aclararía na práctica como unha mesma nova poder ser vista ou manipulada desde moi distintos puntos e tamén levaría ao alumnado a unha postura máis activa ao ter que redactar el mesmo a noticia e tomar partido.
4. Para rematar o tema dos *medios alternativos* sería interesante traballar co documental "*Armas de decepción masiva*" do produtor **Danny Schechter**, un dos fundadores de **Mediachannel.org**. O documental realizado no 2004 mostra a responsabilidade dos medios de comunicación na Guerra de Iraq, onde practicamente todos estiveron ao servizo da

Documental: *Armas de decepción masiva* (2004) de Danny Schechter

http://www.youtube.com/view_play_list?p=6E165285EC6B1E7E



Argumento: A guerra de Iraq politizou ao mundo dunha forma nunca vista desde Vietnam. Sen embargo, cabe preguntarse se a atención se centrou demasiado nos fallos da política e da intelixencia e non nos que tiveron os medios de comunicación ao ser incapaces de examinar as políticas que conduciron a Estados Unidos e ao Reino Unido á guerra. Neste espazo, o crítico Danny Schechter examina o papel que desempeñaron tanta a maquinaria de propaganda do Pentágon como os medios de comunicación na Guerra de Iraq. Descubriremos gravacións inéditas, información privilexiada sobre a estratexia de información de guerra do Pentágon e un informe sobre a tortura na prisión de Abu Ghraib en Bagdad. Danny Schechter sostén que nunca se tería librado esta guerra se os medios de comunicación mantivesen unha actitude de vixilancia e examinaran de forma minuciosa á administración Bush.

maquinaria de propaganda do Péntágono difundindo información que non era veraz.

5. O alumnado pode ampliar información sobre Danny Schechter e Media-channel.org a través das súas páxinas web con información en inglés.

Temporalización

8 horas

Modalidade

Individual e Grupal

Áreas implicadas

Ciencias Sociais, Filosofía, Ética, Inglés.

Áreas que poderían estar implicadas e de que forma

Ámbito Sociolingüístico (nos Programas de Diversificación Curricular): *A desinformación da información.*

Debuxo: *Deseño da maqueta dunha páxina Web con información alternativa*

Informática: *Creación dunha páxina Web con información alternativa*

Inglés: *The media in the United States and worldwide.*

Competencias básicas

- Competencia en comunicación lingüística.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia social e cidadá.
- Competencia para aprender a aprender.
- Autonomía e iniciativa persoal.

4 Información con perspectiva de xénero.

Noticia, programa TV e vídeo: *O cárcere de Teixeiro. A Coruña.*

Obxectivos

- Achegarse ás noticias sobre a realidade do cárcere a través de diferentes medios de información.
- Investigar as razóns polas que a delincuencia feminina é menor que a masculina.
- Pensar se o cárcere colabora á reinserción ou á exclusión.
- Coñecer o experimento Chicas 10 que potencia o aumento da autoestima da poboación reclusa feminina do cárcere de Teixeiro, e permite saír as súas vivencias ao exterior.

Desenvolvemento

1. Dentro do mundo da información hai noticias recorrentes que acaparan medios, sendo moitos os minutos que se lles dedican e os ríos de tinta que se verten no seu tratamento. Sen embargo existen outras noticias, sobre todo as relacionadas cos sectores minoritarios da sociedade ou cos sectores marxinais, que apenas ocupan espazo informativo. O alumnado debería coñecer que "tamén existe outra realidade". Neste sentido abordar o mundo da vida no cárcere, a través das poucas noticias que poidan saír á luz e das iniciativas que moitas ONG levan adiante para facer que as voces dos presos e das presas se escoiten máis alá dos muros da prisión, é unha boa oportunidade para que o alumnado se sensibilice con certos problemas da sociedade dos que non se fala, pero existen.

La saturación de la cárcel de Teixeiro impide separar presos

A. FLOTATS - Santiago - 22/05/2009

En la cárcel de Teixeiro no caben máis presos y. aun así, sigue ingresando reclusos. Eso denuncia la Agrupación de los Cuerpos de la administración de Instituciones Penitenciarias (Acaip), el sindicato mayoritario en el ámbito penitenciario. La cárcel coruñesa "sobrepasa los 1.800 internos cuando fue construida para un máximo de 1.008", explica el sindicato.

El problema se agrava en los módulos 12 y 14, ocupados por internos en espera de juicio o sentencia firme que, según la actual legislación, nunca pueden compartir celda con los presos ya penados. "Estos espacios, previstos para 72 internos, están ocupados por 144 personas", afirma la Acaip.

No se salvan de la saturación ni los módulos estrella de la cárcel. El número 1, que hace unos meses recibió la visita de la Infanta Cristina para promocionar un programa juvenil, no albergaba más de 60 internos y ahora ya ronda los 100. "Los presos que participan en este proyecto conviven con reclusos de edades y tipologías diferentes", denuncia el sindicato, que culpa de todo a la "inoperancia" de Instituciones Penitenciarias. "Están más preocupados por hacer política y vender a la sociedad un sistema penitenciario utópico que por gestionar la realidad de nuestras prisiones".

Precisamente el pasado miércoles, la secretaria general de la institución, Mercedes Gallizo, visitó la prisión lucense de Bonxe y afirmó que, a pesar de la "gran ocupación" de las cárceles gallegas, "todas funcionan muy bien". Según Instituciones Penitenciarias, más de 5.000 presos cumplen condena en Galicia, una cifra que supone un incremento del 18,5% respecto a los datos del mismo período del año pasado.

El enigma de la escasa delincuencia femenina

Los factores biológicos y socioculturales explican el bajo porcentaje de encarceladas. Sólo diez de cada cien reclusos en España son mujeres

ELSA GRANDA - 05/10/2009

Los profetas de un meteórico incremento de la delincuencia femenina debido a la normalización social de la mujer pueden ir revisando sus teorías[...] Las mujeres delinquen menos, son menos violentas y reinciden menos[...] por cada 10 mujeres que cometen delitos o faltas hay 100 hombres. Y no es una novedad. Ha ocurrido en todas las épocas y en todos los países. ¿Por qué? No existe una respuesta única, insisten catedráticos y criminólogos[...] Según Miren Ortubay, profesora de Derecho Penal de la Universidad del País Vasco, “no cabe una respuesta categórica” al abismo que existe entre el porcentaje de delincuentes de uno y otro sexo: “Aunque creo que el factor determinante es cultural, la violencia [sólo como último recurso, claro], el uso de la fuerza y cierto desprecio hacia la vulnerabilidad ajena son componentes esenciales de la masculinidad todavía hoy. Seguimos educando a las niñas para

que no expresen agresividad y a los niños para que no manifiesten inseguridades ni ternura”[...] Raquel Bartolomé, profesora de Psicología del centro de Investigación de Criminología de Albacete, explica que “las niñas tienden hacia objetivos relacionales y afectivos que indican que su conducta social va a estar dirigida a mantener sus relaciones y no ponerlas en peligro. Los niños son más activos físicamente, algo más agresivos y con peores habilidades sociales”. Estas pequeñas diferencias de la infancia se van acentuando a medida que el individuo camina hacia la madurez. Y concluye: “Las mujeres no son ni mejores ni peores; tienen estilos de conducta diferentes”[...] Jesús Martín, director de la prisión abulense de mujeres de Brieva, asegura que las reclusas son menos conflictivas y violentas que los varones.

Extracto reportaje

2. Despois de ler as noticias anteriores e identificar que problemática aborda cada unha delas, podería organizarse un debate en clase sobre se o cárcere colabora a **reinserción** ou a **exclusión**. A sociedade, e máis concretamente determinados grupos sociais, demandan dereitos cívicos que redundan na mellora das condicións de vida da poboación reclusa, pero tamén hai outros grupos que reclaman maior dureza no cumprimento das penas e resaltan o carácter penalista dos centros penitenciarios. Esta tensión, que se vive na rúa e se manifesta nas opinións persoais, probablemente apareza en clase durante o debate, achegar visións distantes é o gran reto.
3. Ver os vídeos que recollen algunhas experiencias da ONG **Nosotras Intramuros** no cárcere de Teixeiro, na Coruña. Con este material o alumnado poderá comprender como se pode potenciar a autoestima da poboación reclusa, neste caso mulleres, a través do traballo coa prensa e

cos medios de comunicación. Tamén poderán ver como se pode canalizar a **comunicación intramuros- extramuros** facendo realidade, a través dun programa de TV, que as vivencias do cárcere saian ao exterior.




Concellería de Igualdade. Concello de Vigo 205



Vídeo: *Solidarízate, voluntariado na Asociación Nosotras Intramuros. Centro Penitenciario de Teixeira (A Coruña)*

<http://www.youtube.com/watch?v=ICtq4B9AlbM>

Este vídeo forma parte da exposición "Solidarízate" da Obra Social Caixa Galicia, unha mostra itinerante sobre o voluntariado, con testemuños directos de 100 persoas voluntarias de Galicia. Mostra de que modo unha muller, desde o cárcere, pode estar aberta ao mundo.



Programa de televisión: *Chicas 10, reclusas de Teixeira. A Coruña*

<http://www.youtube.com/watch?v=oTFwqFSwZqE>



Temporalización

2 horas

Modalidade

Individual e grupal

Áreas implicadas

Filosofía, antropoloxía, ciencias sociais

Áreas que poderían estar implicadas e de que forma

Ámbito sociolingüístico (nos Programas de Diversificación Curricular): *Masculinidade e violencia. Implicacións e explicacións*

Debuxo: *A organización dunha exposición: A igualdade faite máis home, novas masculinidades*

Informática: *Tratamento de texto para realizar traballos e crear documentos*

Competencias básicas

- Competencia en comunicación lingüística.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia social e cidadá.
- Competencia para aprender a aprender.
- Autonomía e iniciativa persoal.



5 Aprender de cine: *Periodismo e medios de comunicación no cine*

Obxectivos

- Analizar de xeito crítico o *argumento dunha película*.
- Comparar, cando proceda, as *películas* coa *obra literaria* na que están baseadas.
- Realizar a *ficha técnica do filme*, en relación con elementos técnicos, as súas mensaxes e o seu estilo narrativo.
- Aprender a detectar *trucos e efectos especiais*.

Desenvolvemento

1. O cine é un medio de comunicación, e polo tanto cómpre saber interpretar as películas para descubrir a mensaxe que nos queren transmitir. A través do cine os espectadores e as espectadoras poden desfrutar de momentos de ocio, poden deixar voar a súa imaxinación, pero tamén

poden concienciarse dos problemas sociais que forman parte da nosa vida cotiá, para este último cometido o *cine social* ou os *documentais sociais* son unha boa referencia. O alumnado debería entender que este tipo de cine, nada fácil de levar a cabo en determinadas ocasións por censuras, ameazas..., é o que elixiron unha serie de directores e directoras para denunciar inxustizas, desvelar verdades ocultas e intentar axudar a mellorar as condicións de vida de moitos seres humanos. Antes de empezar a traballar co cine o alumnado podería ver a curtametraxe *El observador* e tratar de responder entre outros aos seguintes interrogantes: quen nos quere controlar?, a través de que?, están logrando os seus obxectivos?, cales son as consecuencias deste control?, como podemos darnos conta que estamos sufrindo manipulación?... A lista de cuestións pode ser ampliada polo alumnado mentres ve a curta. Pódese estudar tamén a figura de Orwell e facer referencia a *1984*, novela na que crea o concepto de "Gran Irmán" que desde entón pasou á linguaxe común da crítica das técnicas modernas de vixilancia.



Curtametraxe: *El observador*

http://www.youtube.com/watch?v=pafMy6j_9l4

Nunca te paraches a pensar na cantidade de factores que controlan a túa vida? O universo Orwell é máis real do que parece...



POWERPOINT: Noam Chomsky "As 10 regras da Manipulación mediática"








2. Partindo da afirmación que fai Enrique Martínez-Salanova sobre o cine:

“Unha película non basta con vela. Hai que analizala con ollo crítico co fin de formarnos tanto na comprensión do cine como contador de historias, como transmisor de valores e portador de arte e de coñecementos.”

propoñemos tal como suxire el na súa páxina

<http://www.uhu.es/cine.educacion/cineyeducacion/periodismo.htm>

traballar o xornalismo e os medios de comunicación a través do cine vendo unha serie de películas clave:

Hasta 1950	1951-1960	1960-1970	Década 1970	Década 1980	Década 1990	Desde 2000
Para analizar películas clave de cada etapa						
 Ciudadano Kane la prensa amarilla y el poder	 El gran carnaval Sensacionalismo y manipulación	 A sangre fría El reportaje/ficción	 Todos los hombres del presidente Periodismo de investigación	 Grita libertad Periodismo denuncia	 El show de Truman La manipulación de la realidad y el engaño para conseguir audiencia	 Buenas noches y buena suerte El cuarto poder

Películas de la década del 2000				
 El mismo amor, la misma lluvia	 Las flores de Harrison	 El americano imparable	 Verónica Guerin	 Buenas noches y buena suerte
 Un corazón invencible	 Ciudad del silencio	 El desafío: Frost contra Nixon	 La gran estafa	 Slumdog millionaire
 La sombra del poder				

O **test de Bechdel** é unha medida do papel das mulleres nalgunha obra (un cómic, unha película)... é moi sinxelo de facer, so hai que fixarse no seguinte:

- 1) Ten que haber polo menos 2 mulleres na película (e que teñan nomes)
- 2) Estas mulleres deben falar entre elas
- 3) Falan doutra cousa que non estexa relacionada con homes?

Aplica o test ás obras coas que traballes e tira as túas propias conclusións.

Cada película serve para abordar un aspecto do xornalismo: *prensa amarilla e poder, sensacionalismo e manipulación, denuncia, manipulación da realidade...* Cada profesor ou profesora escollerá aquela que máis lle conveña segundo a programación da súa área ou materia.

3. Independentemente da película traballada sería interesante relacionala sempre coas ideas transmitidas na curtametraxe *El observador*.
4. Para **analizar as películas** poderíase seguir este guión:

Actividade 1. Analizar o argumento da película

- Realizar entre os e as compoñentes do grupo un comentario escrito da película.
- Lembrar o argumento e escribilo.
- Explicar como é cada personaxe: as súas características e o que teñen de positivo e negativo.
- Comparar as situacións reflectidas na película coas que ocorren na vida cotiá.
- Reflexionar o que se considera máis importante na película.

Actividade 2. Analizar tecnicamente a película e pescudar:

- Quen é o director ou directora?
- Quen é o produtor ou produtora?
- Cales son os actores e as actrices principais?
- Quen é o director ou directora de fotografía?
- En que ano se filmou?
- Quen é o autor ou autora da música?
- Outros datos de interese.

Actividade 3. Analizar a linguaxe cinematográfica

- Tipos de planos.

- Movements de cámara.
- Valoración da interpretación dos actores e actrices.
- Comentarios sobre a banda sonora.
- Describir as técnicas de montaxe utilizadas.

Actividade 4. Analizar os valores que se presentan

- Facer un xuízo sobre o argumento, analizando os aspectos sociais positivos e negativos.
- Como actúan os e as personaxes? Cantos personaxes transmiten valores positivos? Cantos negativos?
- Que se debería cambiar das súas actuacións?

Actividade 5. Analizar a estética da película

- Analizar se a estrutura musical é axeitada.
- Opinar sobre o vestuario e o seu axuste á época e lugar
- Buscar os trucos e efectos especiais. Documentarse ou imaxinarse como se puideron lograr.
- Valorar os aspectos de caracterización.

Actividade 6. Analizar o xénero ao que pertence a película

- Facer unha lista de películas do mesmo xénero.
- Comparalas entre si para atopar semellanzas e diferenzas.

Actividade 7. Analizar a mensaxe da película

Nunha película, chámasele mensaxe, á idea ou ideas que a través dos diálogos, da narrativa cinematográfica, da música, que se queren transmitir ao público.

Buscar unha película que teña que ver con algúns contidos do que se está traballando en clase.

BUENAS NOCHES, Y BUENA SUERTE
(Good night, and good luck)



Dirección: George Clooney.
País: USA.
Año: 2005.
Duración: 93 min.
Género: Thriller político.
Interpretación: David Strathairn (Edward R. Murrow), Robert Downey Jr. (Joe Wershba), Patricia Clarkson (Shirley Wershba), Ray Wise (Don Hollenbeck), Frank Langella (William Paley), Jeff Daniels (Sigfried "Sig" Mickelson), George Clooney (Fred Friendly), Tate Donovan (Jesse Zoumer), Tom McCarthy (Palmer Williams), Matt Ross (Eddie Scott).
Guión: George Clooney y Grant Heslov.
Producción: Grant Heslov.
Fotografía B/N: Robert Elswit.
Montaje: Stephen Mirione.
Diseño de producción: Jim Bissell.
Dirección artística: Christa Munro.
Vestuario: Louise Frogley.
Estreno en USA: 7 Octubre 2005.
Estreno en España: 10 Febrero 2006.

[Ampliar cartel](#)

SINOPSIS

"Buena noches, y buena suerte" acontece durante los primeros tiempos del periodismo televisivo en EE.UU, en la década de los 50. Es la crónica del auténtico enfrentamiento entre Edward R. Murrow (David Strathairn), presentador de las noticias, y el senador Joseph McCarthy y el Comité de Actividades Antiamericanas. Con la firme voluntad de informar de los hechos e ilustrar a la audiencia, Murrow y su incondicional equipo –capitaneado por su productor Fred Friendly (George Clooney) y Joe Wershba (Robert Downey Jr.) desde la sala de redacción de la CBS– hacen frente a las presiones corporativas y de los patrocinadores para examinar las mentiras y las tácticas alarmistas perpetradas por McCarthy durante su "caza de brujas" comunista. Cuando el senador reacciona acusando al presentador de ser comunista, se erige una enorme indignación pública. En aquel clima de miedo y represión, el equipo de la CBS siguió adelante sin atender a ruegos. Su tenacidad finalmente valió la pena cuando el mismísimo McCarthy tuvo que presentarse ante el Senado y fue desposeído de poder una vez que sus mentiras y abusos quedaron por fin al descubierto.



6. O alumnado podería intentar facer unha reportaxe infográfica sobre o *Xornalismo e os medios de comunicación* a partir do visionado da película:

Temporalización

12 horas

Modalidade

Individual

Grupal

Áreas implicadas

Filosofía

Antropoloxía

Ciencias sociais

Áreas que poderían estar implicadas e de que forma

Ámbito sociolingüístico (nos Programas de Diversificación Curricular): *Orwell e o "Gran Irmán"*

Economía: *O poder dos mass media*

Física: *Os avances tecnolóxicos e a manipulación das persoas*

Debuxo: *Infografía elemento facilitador da comprensión*

Informática: *Creación de infografías*

Competencias básicas

- Competencia en comunicación lingüística.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia social e cidadá.
- Competencia para aprender a aprender.
- Autonomía e iniciativa persoal.

Para rematar



**Película: *Buenas noches y buena suerte*
de George Clooney**



WORD:

Texto da secuencia da película



3 DE MAIO



